
O TEXTO NARRATIVO

1. Introducción

Nun texto narrativo relátanse uns acontecementos, reais ou imaxinarios, que lles suceden a uns personaxes nun tempo e nun espazo determinados.

Nun texto narrativo relátanse uns acontecementos que lles suceden a uns personaxes nun tempo e nun espazo determinados. Aínda que estamos habituados a pensar na narración como un texto literario, na nosa vida cotiá atopámos outros ámbitos: no escolar (unha redacción, o argumento dun texto), no xornalístico (noticia ou crónica), no familiar (a explicación do que acontece en calquera momento). No interior dun texto narrativo atopamos texto descritivos, dialogais, e mesmo expositivo ou argumentativo. Nese sentido é un tipo de texto moi variado e ás veces difícil de clasificar.

Un texto narrativo inclúe os seguintes elementos:

- A historia ou trama: as accións narradas, que poden ser reais ou ficticias.
- Os personaxes: protagonistas da historia, que poden ser máis ou menos importantes no desenvolvemento da trama.
- O tempo: clasifícase en externo (marco cronolóxico en que se desenvolve a historia) e interno (organización temporal da historia no texto).
- O espazo: lugar(es) en que se sitúa a acción e os personaxes.
- O narrador: voz ficticia que conta a historia; pode facelo usando a primeira ou a terceira persoa verbal.

En cada texto narrativo a plasmación e combinación destas compoñentes varían: os personaxes poden ser fundamentais na trama ou non, o tempo interno pode romper coa linealidade do tempo cronolóxico ou respectala, o espazo pode variar ao longo dun mesmo texto e o narrador pode cambiar o seu punto de vista e ser testemuña, protagonista ou simple espectador dos feitos.

Podemos enumerar unha serie de características comúns na narración:

1. Maior uso de verbos que de substantivos e adxectivos, pois a verbal é a categoría gramatical que expresa acción.
2. Abundante uso de verbos predicativos.
3. Uso das formas verbais en pretérito de indicativo, copretérito e presente histórico.
4. Importancia das expresións temporais, como adverbios e conxuncións, que organizan a información cronoloxicamente

2. Historia e discurso

Á hora de narrar unha historia podemos facelo de xeitos moi diferentes. Así pois, cómpre realizar unha primeira distinción entre a **historia** e o **discurso**:

Historia: serie de acontecementos, reais ou imaxinarios, que lles ocorren a uns personaxes nun espazo e nun tempo determinados.

Discurso: xeito de plasmar textualmente a historia.

Cando narramos unha historia podemos adoptar diferentes puntos de vista (contala en 1ª persoa, en 3ª...), podemos ordenar de diferente xeito os acontecementos (comezar polo principio, comezar polo final...), podemos centrarnos nuns acontecementos e resumir ou omitir outros, podemos buscar a obxectividade ou incluír as nosas opinións propias sobre a historia... Así pois, **unha mesma historia pode dar lugar a discursos moi distintos**.

3. O narrador

O narrador é a **voz ficticia** que conta a historia. [Non debemos identificalo nin confundilo co/a autor/a real!]

Dependendo da súa posición dentro ou fóra da historia diferenciamos os seguintes tipos:

1. NARRADOR EN 1ª PERSOA (narrador interno / narrador autodiexético): é aquel que se sitúa dentro da historia, participando tamén como personaxe. Dependendo da súa **importancia como personaxe** podemos distinguir tres tipos:

Narrador protagonista: quen conta a historia é a persoa que a protagoniza (narrador homodiexético).

Narrador personaxe: o narrador forma parte da historia, pero non é o seu protagonista.

Narrador testemuña: o narrador forma parte da historia, pero tan só como espectador.

2. NARRADOR EN 3ª PERSOA: sitúase fóra da historia. Dependendo do coñecemento da historia que teña distinguimos entre:

3. NARRADOR EN 2ª PERSOA: o narrador diríxese a un ti, buscando a complicidade do lector. Desdobra a súa personalidade e fala consigo mesmo coma se o fixese con outro.

4. Os personaxes

Os seres, reais ou imaxinarios, que interveñen na historia son os personaxes. Nun texto narrativo non todos os personaxes teñen a mesma **importancia**. Dependendo disto, distinguimos as seguintes categorías:

Personaxes principais: son os que teñen maior peso na narración. Entre eles diferenciamos o(s) **protagonista(s)**, ao que lle suceden os feitos e os desencadea, e o(s) **antagonista(s)**, que se opón ao protagonista, creando o conflito da historia.

Personaxes secundarios: interveñen nun momento determinado da narración. Poden adquirir unha importancia decisiva na evolución dos protagonistas ao cruzárense no seu camiño, axudalos, aconsellalos etc.

Personaxes episódicos / de ambientación: carecen de importancia para o desenvolvemento da acción, pero serven para dar verosimilitude ao relato.

Cada personaxe presenta unha serie de trazos que constitúen a súa **caracterización**. Para realizar a caracterización dos personaxes, pode recorrerse á descrición, pero tamén podemos inferir os trazos físicos e psicolóxicos dos personaxes a través das súas palabras, dos seus actos, da súa relación con outros personaxes... Atendendo á caracterización psicolóxica que se fai dos personaxes, podemos distinguir entre:

Personaxes planos: son aqueles que se manteñen invariables e definidos desde o comezo ao final da historia.

Personaxes redondos: presentan unha maior complexidade psicolóxica e a súa personalidade vai evolucionando ao longo da narración, cambiando cos acontecementos vividos.

5. O tempo

Os acontecementos narrados desenvólvense nun determinado momento, é dicir, nun tempo narrativo. Para analizar o tempo narrativo cómpre ter en conta a distinción entre a historia e o discurso:

- **Tempo da historia (TH):** é a secuencia cronolóxica que transcorre entre o acontecemento máis antigo relatado e o máis recente. O tempo da historia ten unha ordenación lineal e progresiva (non hai saltos temporais).
- **Tempo do discurso (TD):** é o resultado da manipulación que o narrador realiza no tempo da historia, para relatala dunha determinada maneira.

Para transformar o TH en TD, o narrador practica dous tipos de manipulación temporal: a ordenación e a selección dos acontecementos:

- **Ordenación:** o narrador pode ordenar de diferentes xeitos os acontecementos da historia, comezando o discurso nun inicio diferente que o da historia, insertando saltos temporais...
- **Selección:** o narrador pode seleccionar e centrarse en diferentes acontecementos da historia e resumir ou obviar outros menos relevantes.
-

5.1. Procedementos de ordenación

Atendendo á maneira en que se ordenen os acontecementos da historia, o discurso pode ser lineal ou non lineal.

Discurso lineal: os acontecementos ordénanse progresivamente, seguindo a orde temporal na que se produciron, desde o máis antigo ata o máis recente.

Discurso non lineal: altérase a orde temporal dos acontecementos. Estas alteracións na orde temporal denomínanse anacronías e poden ser de dous tipos:

Analepse (ou flash-back): salto temporal cara ao pasado. Nun determinado punto da acción nárranse feitos que aconteceron anteriormente.

Prolepse (ou flash-forward): salto temporal cara ao futuro. Nun determinado punto da acción nárranse feitos que aconteceron con posterioridade.

6. O espazo

O espazo narrativo é o lugar onde transcorren os acontecementos que se narran. Pode aparecer só mencionado ou describirse con maior detalle. Os espazos poden ser reais, irreais; abertos, pechados...

A función principal do espazo é a de servir de ambientación dos acontecementos (función referencial).

Nalgúns textos, o espazo pode adquirir unha función simbólica, cando a descrición do espazo retrata os estados de ánimo dun personaxe.

7. A estrutura

Atopamos dous niveis estruturais para analizar unha narración:

- estrutura externa: organiza o texto fisicamente en parágrafos, secuencias, escenas, apartados...
- estrutura interna: ordena e organiza a historia dentro do texto.

A partir da relación entre estas dúas estruturas xurdiu a división tradicional dos textos narrativos en tres partes, que non sempre están claramente delimitadas:

- Presentación do marco espazo-temporal e dos personaxes.
- Nó, parte en que máis avanza a historia.
- Desenlace, remate e conclusión da historia.